



CONCURSO Galicia participa nun concurso de ámbito nacional no que se busca o receptor con máis anos que será cambiado por un de pantalla plana de 32 polgadas e con TDT

A TELE MÁIS ANTIGA

OS QUE DESEXEN PARTICIPAR TEÑEN QUE MANDAR UNHA FOTO DO APARELLO A UN CORREO ELECTRÓNICO

Actualización - Santiago

Galicia participa nun concurso de ámbito nacional no que buscan os 10 televisores máis antigos de España. A iniciativa parte do foro 3,2,1, TDT! e Samsung, composto por presentadores, xornalistas, directivos e empresarios de distintas cadeas do sector audiovisual para analizar a chegada da televisión dixital terrestre en toda España.

Os galegos que desexen participar teñen a oportunidade de obter a cambio do seu receptor antigo un televisor de pantalla plana de 32 polgadas con decodificador de Televisión Dixital Terrestre integrado.

Para participar no certame, os concursantes deberán enviar dúas fotografías en formato dixital, acompañadas dunha breve expli-

cación relatando como conseguiron o televisor co que pretenden presentarse ao correo electrónico consursotelevision@lleidatdt.tv.

O prazo para a entrega desta documentación concluirá o próximo 25 de marzo antes das 12.00 horas. Abriu o xoves pasado. O xurado encargado de avaliar a antigüidade e as características técnicas de cada un dos aparellos e que seleccionará os dez gañadores estará composto por membros da empresa Samsung, das institucións organizadoras do foro, Impulsa TDT, a Academia das Artes e as Ciencias da Televisión e o concello e a Deputación provincial de Lleida, onde terá lugar a deliberación.

A organización do evento responsabilizarase da recollida do receptor antigo e a posterior entrega do televisor novo ás persoas que gañaran o concurso. O foro 3,2,1, TDT! e Samsung analizará os días 1 e 2 de abril a chegada da televisión dixital terrestre a España a falta dun ano para a implantación definitiva da TDT no conxunto do Estado e as novas oportunidades que inclúe. ●



Televisor tirado en Cabana a un lado da estrada

Melloras en case 2.000 concellos

O Goberno central considera prioritaria a mellora da cobertura de banda ancha de 72 municipios e 1.910 núcleos de poboación diseminados pola xeografía que necesitan unha implementación da rede troncal ou dos sistemas actuais da cal presentan carencias que afectan á poboación.

Debate sobre as 'telecos'

O pleno do Congreso debaterá o vindeiro xoves as medidas urxentes en materia de telecomunicacións. O decreto elimina a imposibilidade de que un operador posúe máis dun 5 por cento dunha cadea competitiva, pero supedita a que a audiencia media acumulada non pase o 27%.